

# Concurso de carteis “Vive o verán 2021”

A seguir recóllense as bases da primeira edición do concurso de carteis para o programa “Vive o Verán 2021” da Rede de Centros Socioculturais do Concello de Santiago de Compostela, na que se elixirá mediante voto público nas redes sociais o cartel que este ano vai representar a campaña de Vive o Verán 2021. Estas bases publicaranse na web do -concello de Santiago de Compostela, na páxina de Facebook dos centros socioculturais e nos propios centros.

## BASES

### **PRIMEIRA. Participantes**

Este concurso de carteis é un convite á creatividade das persoas usuarias das clases de pintura da Rede de Centros Socioculturais, ademais dun apoio á divulgación do programa de actividades de verán. Poderán, polo tanto, participar todas as persoas que asistan ás actividades de pintura e estarán excluídas as alleas a esta rede.

As obras presentadas, ata un máximo de dúas por persoa, deberán ser inéditas e non estar presentadas a ningún outro concurso. Non poderán supoñer copia ou plaxio de escenas fotográficas, carteis o debuxos xa publicados en calquera das súas formas.

Será responsabilidade absoluta das persoas participantes calquera reclamación que poida producirse en relación coa autoría do cartel.

### **SEGUNDA. Desenvolvemento do concurso**

A modalidade de presentación no concurso será o formato tradicional, de acordo coas características técnicas que se indican nestas bases, e presencial, nalgún dos centros socioculturais de referencia.

As obras terán que achegar un documento cos seguintes datos persoais: nome e apelidos, teléfono, enderezo electrónico e centro onde desenvolven a actividade.

A recepción de orixinais finalizará o xoves 29 de abril de 2021 ás 20 h. Ao día seguinte, ás 12 h, iniciárase unha exposición virtual no Facebook da rede de centros socioculturais.

Esta mostra virtual manterase ata o sábado 15 de maio de 2021 ás 12 h. Nestes quince días, o público en xeral poderá emitir o seu voto mediante o “gústame” ou o “encántame” no cartel que o desexe, para así elixir a obra gañadora.

## **TERCEIRA. Tema e características técnicas**

### **A. Tema**

O asunto da obra terá en conta a súa finalidade, que é a elaboración dun cartel para promocionar o programa dos centros socioculturais “Vive o verán 2021”.

As persoas participantes gozarán de completa liberdade para escoller o tema, aínda que sempre debe ser representativo e relacionado co seu obxecto. Deben suxeitarse en sensibilidade e técnica ao que é propio dun cartel e contar cunha clara finalidade divulgadora.

### **B. Características técnicas**

As obras que se presenten ao concurso poderán ser de concepción e técnicas libres, sempre que sexa posible a súa reprodución. O formato será vertical e o tamaño máximo 50 x 70 cm.

## **CUARTA. Premios**

1. A persoa gañadora será gratificada con material de debuxo e pintura.
2. As persoas participantes serán gratificadas cun pequeno agasallo consistente en material de debuxo e pintura.

## **QUINTA. Presentación**

1. **O prazo de recepción dos carteis comezará o 5 de abril de 2021 ás 10 h e rematará o xoves 29 de abril de 2021 ás 20 h.** Esta data e horario son definitivos para os efectos de recepción, non de data de expedición, polo que non se admitirán obras que cheguen posteriormente. A modalidade de presentación dos traballos será obrigatoriamente física, nos centros socioculturais de referencia, xuntando a información requirida.

2. **O 30 de abril ás 12 h,** iniciarase unha exposición virtual no Facebook da Rede de Centros Socioculturais. **Esta mostra virtual manterase ata o sábado 15 de maio de 2021 ás 12 h.** Nestes quince días o público en xeral poderá emitir o seu voto mediante o “gústame” ou o “encántame” no cartel que desexe para así elixir o que sairá gañador.

## **SEXTA. Exposición virtual e pública**

Como se recolle na base segunda, cos carteis aceptados ao concurso realizarase unha exposición virtual na páxina de Facebook da Rede de Centros Socioculturais: [www.facebook.com/SantiagoSocioCultural](http://www.facebook.com/SantiagoSocioCultural).

Acabado o prazo de votación popular, pasarase á selección de traballos que formarán parte da exposición pública que se realizará nas instalacións dos centros socioculturais a partir do mes de xuño.

O cartel gañador darase a coñecer dentro dos 30 días seguintes á finalización do período de admisión. As datas exactas e a confirmación dos centros en que se vai realizar a exposición anunciaranse na web do Concello e nas redes sociais dos centros socioculturais.

## **SÉTIMA. Traballo premiado**

1. Os carteis quedarán en propiedade do Concello de Santiago de Compostela, que terá todos os dereitos de autor (reprodución...) e poderá usalos para anunciar calquera actividade ou ben facer da obra o uso que considere convinte.
2. O Concello de Santiago queda facultado para introducir modificacións nos traballos se fose necesario por razóns técnicas de impresión ou para incluír textos ou logotipos.

## **OITAVA. Norma final**

1. A participación no concurso implica o coñecemento e a aceptación destas bases, motivo polo cal non poderán ser impugnadas polas persoas participantes unha vez formalizada a presentación.

**Para calquera dúbida ou aclaración, deben dirixirse aos centros socioculturais**

CSC de Santa Marta. [cssantamarta@santiagodecompostela.gal](mailto:cssantamarta@santiagodecompostela.gal). Tlf. 981 543017

CSC de Vite. [jsaramago@santiagodecompostela.gal](mailto:jsaramago@santiagodecompostela.gal). Tlf. 981 542490

CSC das Fontiñas [csfontinas@santiagodecompostela.gal](mailto:csfontinas@santiagodecompostela.gal) Tlf. 981 528750

CSC do Ensanche [csxoensanche@santiagodecompostela.gal](mailto:csxoensanche@santiagodecompostela.gal) Tlf. 981 543001

CSC de Conxo. [cconxo@santiagodecompostela.gal](mailto:cconxo@santiagodecompostela.gal). Tlf. 981 528740

CSC do Castiñeiriño. [cscastineirino@santiagodecompostela.gal](mailto:cscastineirino@santiagodecompostela.gal) Tlf. 981 542459

CSC do Romáño [mgareab@santiagodecompostela.gal](mailto:mgareab@santiagodecompostela.gal) Tlf. 981 542350

CSC do rural [mposeo@santiagodecompostela.gal](mailto:mposeo@santiagodecompostela.gal) Tlf. 646 988198

CSC Urbana 1 [sfreirel@santiagodecompostela.gal](mailto:sfreirel@santiagodecompostela.gal) Tlf. 699 547105

CSC Urbana 2 [mgareab@santiagodecompostela.gal](mailto:mgareab@santiagodecompostela.gal) Tlf. 638927601